



## O REFUXIO DE BANDO

Horario:

De luns a venres de 10,30 a 13,30 h  
pola tarde de 16,30 a 19,30 h.

Sábado e domingo de 10,30 a 13,30 h.

Zarramacedo, Bando s/n  
Teléfono: 646 492 835  
refugio@aytocompostela.es  
<http://refugio.santiagodecompostela.org>

É O REFUXIO MÁIS  
AVANZADO DO PAÍS  
E O ÚNICO QUE PODE  
SER CONSIDERADO  
COMO UN AUTÉNTICO  
CENTRO DE PROTECCIÓN

Benvidos/as ao Refuxio de Bando, o novo centro municipal de protección animal de Santiago. Situado en Zarramacedo (Bando) esta é unha instalación modélica e pioneira en Galicia.

Atrás queda o caduco modelo de canceira, onde os animais se amorean sen espazo. Quen adopte no Refuxio de Bando terá todas as garantías de que ese can ou gato chega ao fogar coas acadas condicións hixiénico-sanitarias.

¿Como conseguimos este obxectivo? En primeiro lugar sendo esixentes no seu deseño e construción. O equipo de arquitectos que deseñou o Refuxio visitou previamente outros en diferentes zonas do Estado para tomar ideas e non repetir erros.

O Concello de Santiago investiu 395.000 euros na construción e dotación deste centro

### O EDIFICIO

O novo Refuxio ocupa uns 7.000 metros cadrados dunha parcela de 15.000 e está dividido en catro módulos. O edificio principal alberga a **área de atención veterinaria**, a **de atención ao público** e a **aula de educación ambiental**. Hai espazos específicos para cans e gatos e xenerosos **patios e espazos comúns** para que fagan exercicio e se socialicen. Outro servizo novo será o da incineración, dispoñíbel para todos os animais de compañía que morran na cidade.

### OS MELLORES PROFESIONAIS

O Refuxio de Bando está dirixido e xestionado por un equipo de profesionais cunha aptitude e valía demostradas. A veterinaria **Paloma Aguirre** é a directora técnica, a coidadora sanitaria dos animais e a supervisora das adopcións. Catro persoas (tres coidadores e un laceiro) completan o cadro de persoal do Refuxio.

Este servizo é un elemento clave para unha política municipal de protección dos animais asentada en tres piares: prevención do abandono (a través da sensibilización social, do control do censo de animais, esterilización, etc.), promoción de boas prácticas en relación cos animais e fomento de adopcións.



### UN REFUXIO ABERTO

O Concello de Santiago ten as competencias e responsabilidades legais no ámbito da protección animal. Para o Refuxio opta por unha xestión compartida e participativa, aberta aos colectivos composteláns que traballan no ámbito da defensa do benestar dos animais ou do ecoloxismo. As actividades do Refuxio están tamén abertas ás persoas que desexen colaborar como voluntarias.



## ACHÉGATE A

## O REFUXIO DE BANDO

### FAITE VOLUNTARIO/A

Se queres, podes darte de alta como voluntario/a para participar no teu tempo libre en tarefas de promoción das adopcións de animais, de axuda nos seus coidados, e socialización. O obxectivo é proporcionarlles o máximo benestar posíbel na estadía dos animais no Refuxio e facilitarlles un novo fogar.

Para ser amigo/a do Refuxio só tes que dirixirte ás súas instalacións e amosar a túa dispoñibilidade para colaborar. As tarefas dos/as amigos/as do Refuxio poden realizarse tanto nas propias instalacións como fóra delas.

### DEBES SABER...

- Ter un animal de compañía é unha responsabilidade e, por tanto, antes de tomar a decisión debes ter en conta as súas necesidades físicas e afectivas.
- Se convives cun animal de compañía debes coidar a súa educación e ensinarlle a respectar as regras da convivencia.
- A colocación do chip identificador non é só unha obriga legal: facilita a recuperación dos animais extraviados.
- O abandono de animais é unha das consecuencias do exceso de animais nados por descoido. Se tes un animal debes responsabilizarte de evitar o nacemento de camadas non desexadas.
- A esterilización non causa ningún dano ao animal, facilita a convivencia e permite o control da poboación.
- Se atopas un animal abandonado pono en coñecemento do Refuxio de Bando (teléfono 646 492 835). Se dispón de chip identificador localizaremos de contado ao/á seu propietario/a.
- Se estás pensando en ter un can ou un gato, visita o Refuxio e adopta algún dos animais alí acollidos.
- O maltrato e o abandono están penados pola lei.

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellaría de Sanidade

## O REFUXIO DE BANDO

## NON O MERQUES, ADÓPTAO

O Refuxio de Bando é un albergue transitorio. Un dos obxectivos deste centro é fomentar a adopción responsable dos animais e buscar un fogar para cada un deles. Para iso, fávorecese as visitas de particulares, escolas e doutros colectivos. No Refuxio de Bando poderás recibir consellos sobre que tipo de can é mellor atendendo ás túas necesidades e condicións de vida (membros da familia, tipo de vivenda...) así como información para a súa correcta atención e normas de convivencia para evitar molestias.